

## Limiar

**Xavier Cordal**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

CORDAL, XAVIER (2011 [2005]). “Limiar”. En Antón Lopo, *libro dos amados*. Santiago de Compostela: Editorial Compostela [sen paxinar]. Reedição en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1192>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL, XAVIER (2005). “Limiar”. En Antón Lopo, *libro dos amados*. Santiago de Compostela: Editorial Compostela [sen paxinar].

\* Edición dispoñíbel desde o 21 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## LIMIAR

[A LIBRO DOS AMADOS DE ANTÓN LOPO, 2005]

### Xavier Cordal

*Entra El raudo na sala de exposicións iluminadísima e levanta o queixelo coma unha avestruz, movendo o pescozo á dereita e á esquerda entre os cristais formato A3 encaixados nas paredes. Hai bruar de palabras, xente deténdose en cada cristal. El distingue as crechas azuis arreitadas modelo Picadilly d'Ela; Ela ergue a man e arpexia cos dedos, "tou aquí!"*

*–É que non atopaba sitio. Xa o viches?*

*–Claro. Quedáramos ás oito. Dá igual –dixo Ela, colléndolle a manga da chaqueta–. Ven, empeza por este.*

## LIMIAR

*–Vaia presentación máis curiosa.*

*–Bah, non tanto. Vin unha en Vigo parecida, pero os poemas estaban pintados. Está ben.*

*–O libro?*

*–O libro, a hostia. Xa verás.*

*Pararon no primeiro panel, collidos. Esperaron a que marchase unha señora cun follado na man e unha servilleta de papel de flores.*

Conforta que un poeta teña corazón, ademais de técnica. Despois do combate da escritura –resolvido de xeito espléndido en *Fálame*, que non foi comprendido nin celebrado como merece– remansan as augas. Antón Lopo fora vendo nacer este libro noutro lugar do tempo, sen saber que o estaba a escribir...

*–E quen llo presenta?*

*–Non sei, chega tarde, avisaron hai un pouco.*

*–Ah –balbuciu, mentres cambiaban ao segundo cristal. Ela notou que a man d'El suaba.*

...excepto cando ao escolmar textos de varia idade reparou en que as estrañas escenas onde cruzamos o noso corpo coa liña da vida de alguén eran, de repente, unha historia. “Nunca imaxinei que o pasado/ ía ser tan prático”. Dío o Poeta coma un Xiva que, ao pararse no azaroso murmuro das fontes, comproba que non queda rastro da violencia que acompañara a creación. As fontes, e a historia, son el.

–Pois vaia, que bucólico.

–Eu non sei a que vén isto, dixo Ela. O libro é moito máis... é de agora, non é deses de froitas e de metáforas que entran e saen.

...a man demorada no gozo e nos signos, coa mesma intencionalidade do poema que inaugura e xustifica o *Libro dos amados* como canto da beleza, da inmediatez (a negación da mediación). Hai unha tese e abonda: se o amor paga a pena, se sabemos amar –non só amar persoas, senón a nosa propia vida, improvisándoa ao seu través–, a beleza irrompe...

–Quedou calvo, o tío.

Ela notou que El tiña unha pequena marca arrubiada no pescozo. Pasaron ao terceiro panel.

–Si, ho. Tal como o conta... un anuncio. Onde aparcaches?

–Na Praza de Galicia. Mira, ese de alá ao fondo, o dos libros na mao, non é o autor?

–Ten pinta, si, é el. Que guapo, carallo. Pois vés moi seco. Non te pillou a tronada?

...a un lado, a ironía, un espazo branco, elegante, escaso en metafísica; a outro, as nacións do té e do xasmín. Aí no medio está Lopo. Oriente pode vestir recendos en Baños de Molgas e a desilusión dos obxectos cotiáns baixar escaleiras en Accra. Nada se...

–Boh, que pelma, dixo Ela. É moito máis ca iso, máis simple e máis orixinal ca iso. Escribe fresco, cona, di iso.

–A min estes prólogos de lucirse... (Ela notouno a El inquieto, atafegado). Ao mellor nin...

–Que?

–Espera.

...nin tampouco a sensualidade se pon ao servizo dalgunha revelación esencial. Percíbese, so a forma que nin hai, de doada, o rumor do ciclo arábigo que suaviza os gumes da pedra e fai dadivosa a noite. Na razón entre o que se quere dicir e o que se chega a dicir alcanzou Lopo un equilibrio próximo á música, onde a forma e o fondo son, igual ca amante e amado, a mesma cousa. É o río da madurez...

–...Que es el morir, claro...

–Si, ho, o cántico espiritual. E o caso é que vai ser o mellor libro sobre desexo, iso, desexo! que vin desde...

–Desde nós? –dixo el, cun riso nervioso. Ela apartoulle o cabelo da fronte.

–Non, xa verás. Claro que hai amor, e...

...e agrándase nunha medida descoñecida. Antón Lopo embarca no maxisterio dos que dominan os catro idiomas da literatura, corre riscos e ademais vence no seu territorio. Dámolle moito parabén por reabrir este *Libro dos amados*...

–...e moita amargura, o que pasa é que non son os típicos desamores, conta... un fracaso, fala da falsidade, do... do que non ten sentido. Eu xúrocho, non teño lido algo así, tan sincero, desde Con pólvora, polo menos. Desde Pereiro. É moi triste, é unha bitácora. Ten un galego flipante.

...que, coa crueldade tan próxima a todo o fermoso, e tras exaltar o corpo e o pracer, haberá de sobrevivilos.

*—Quéresme?, dixo Ela.*

*El mirouna. Deulle un beixo e demorouse moito. A Ela pareceulle que sabía a tabaco.*